



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

**MÁSTER OFICIAL ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.
IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS**

Viaxes e peregrinacións na Idade Media

Dolores Barral Rivadulla (coordinación)

Marta Cendón Fernández

Déborah González Martínez

GUÍA DOCENTE 2025/2026



FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORAS: Dolores Barral Rivadulla, Marta Cendón Fernández, Déborah González Martínez

Edición electrónica. 2025

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros), sen consentimento expreso por escrito das autoras.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: *Viaxes e peregrinacións na Idade Media* (P5091206)
- Tipo de materia: Optativa
- Número de créditos ECTS: 6
- Semestre: 2º
- Linguas en que se imparte a materia: galego, español
- Profesoras:

Dolores BARRAL RIVADULLA, (coordinadora da materia). Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia. Despacho 30. Enderezo electrónico: mdolores.barral@usc.es

Marta CENDÓN FERNÁNDEZ, Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia. Despacho 30. Enderezo electrónico: marta.cendon@usc.es

Déborah GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Filoloxía Románica. Facultade de Filoloxía. Despacho 111. Enderezo electrónico: deborah.gonzalez@usc.es

- Horario de titorías: confirmarase e comunicarse cando comecen as clases.
- Páxina web recomendada: www.usc.es/filrom/teaching/master
- Calendario e horario das clases: as clases expositivas e interactivas desenvolveranse entre xaneiro e marzo en horario de 18:15-20:00 na **Facultade de Filoloxía** **na aula C07** en horario de tarde.

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

A materia *Viaxes e peregrinacións na Idade Media*, como optativa incluída no *Máster Estudos Medievais Europeos. Imaxes, textos e contextos*, ofrece a posibilidade de completar a formación recibida nas materias obrigatorias (sobre todo en *Arte Medieval Europea*, mais tamén en *Literatura Medieval en Linguas Vernáculas* e *A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-Social*), a través do coñecemento dos límites xeográficos do Medievo –reais ou imaxinarios–, e da súa produción literaria e artística. Ademais, boa

parte dos contidos que se desenvolverán neste módulo poden complementar aspectos vinculados a outras materias do máster; así, os temas relativos ao fenómeno da viaxe de peregrinación ofrécense en estreita relación coa materia optativa *A Igrexa e a Espiritualidade Medieval*.

Por outra parte, os sucesivos apartados da materia –sexan estritamente literarios ou presenten un carácter histórico-artístico– contribuirán ao coñecemento dun fenómeno tan transcendental como a viaxe, que, na Idade Media, contribuíu a cohesionar o territorio e a coñecer e confrontar experiencias con outras culturas distintas da do Occidente medieval.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

- Introducir ao estudantado no coñecemento dos límites xeográficos e espirituais do mundo medieval.
- Analizar o xénero “literatura de viaxes” a través dunha serie de obras que, desde os comezos da Idade Media, se amplían e enriquecen ata fixar un canon retórico que vai dar lugar a diferentes subxéneros.
- Presentar exemplos concretos da adaptabilidade do xénero a diferentes sensibilidades no interior do mundo medieval.
- Dar a coñecer as distintas modalidades da viaxe que ofrece o mundo medieval (viaxes reais, viaxes fantásticas, imaxinarias, viaxes oníricas, viaxes espirituais...), así como os distintos obxectivos a que obedecen (pragmático-utilitarios, procura da curación ou da salvación, pescuda do coñecemento interior e/ou exterior...).
- Guiar na reflexión analítica dunha selección de obras literarias de autoría masculina e de autoría feminina confeccionadas en diferentes linguas no espazo medieval europeo, eventualmente divulgadas a través de copias, así como de traducións, versións e adaptacións.

4. CONTIDOS

1. A literatura de viaxes

- 1.1. A literatura de viaxes no sistema global de xéneros
- 1.2. Tipoloxía dos textos de viaxes
- 1.3. Trazos estruturais e retóricos dos libros de viaxes
- 1.4. Predeterminación temática: o itinerario e outros contidos

2. Literatura e peregrinación

- 2.1. Producción literaria e metas de peregrinación
 - 2.1.1. Xerusalén
 - 2.1.2. Roma
 - 2.1.3. Santiago de Compostela

3. Viaxes (reais ou ficticias) a Oriente e a outros espazos do mundo

- 3.1. As rutas dos mercadores. Marco Polo, *Il Milione*
- 3.2. Memorias de viaxes de diplomáticos, exploradores e aventureiros.
Embajada a Tamorlán e *Andanças e viajes* de Pero Tafur
- 3.3. Obras de erudición. *Le livre des merveilles du monde* de Jean de Mandeville e *Libro del conocimiento*

4. A viaxe ao máis alá

- 4.1. Literatura de visións e viaxes alegóricas
- 4.2. A navegación de San Brandán
- 4.3. O Purgatorio de San Patricio
- 4.4. A *Commedia*

5. A viaxe de peregrinación

- 5.1. A mentalidade do peregrino
- 5.2. Peregrinos a Santiago
- 5.3. A imaxe do peregrino
 - 5.3.1. Escarcela
 - 5.3.2. Bordón
 - 5.3.3. Cuncha

5.3.4. As insignias da peregrinación

5.4. Cristo Peregrino e Santiago Peregrino

6. Introducción ás cartografías reais e do imaxinario na Idade Media

6.1. O “orbis terrarum” ou a xeografía na súa dimensión teolóxica

6.1.1. Lecturas cartográficas: categorías e interpretacións

6.1.2. Topografía “recreada”

6.1.3. “Gesta”, “loca” e “tempora”

6.1.4. Os habitantes: reflexos de Historias

7. A xeografía do Máis Alá

7.1. Lugares de salvación

7.2. Un espazo para a condena

7.3. Lugares intermedios

8. “Loca peregrinationis”. Santiago de Compostela / Terra Santa

8.1. Santiago de Compostela ou o perímetro urbano da tumba apostólica

8.2. A catedral compostelá. Un territorio a explorar: espacialidade, iconoloxía e iconografía

8.3. Achegamento a Terra Santa.

5. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Aznar Vallejo, E., *Viajes y descubrimientos en la Edad Media*, Madrid, 1994.
- Barreiro Rivas, X. L., *La fundación de Occidente. El Camino de Santiago en perspectiva política*, Madrid, 2009.
- Beltrán, R. (ed.), *Maravillas, peregrinaciones y utopías: literatura de viajes en el mundo románico*, Valencia, 2002.
- Caucci von Saucken, P. (ed.), *El mundo de las peregrinaciones, Roma, Santiago, Jerusalén*, Barcelona, 1999.
- Castiñeiras González, Manuel: "La catedral medieval: la dilatada historia de la obra románica y su epílogo bajomedieval", *La catedral de Santiago de Compostela. Estudios de arte e historia*, ed. Ramón Yzquierdo Peiró,

Fundación Catedral de Santiago, 2020, pp. 241-283
https://www.academia.edu/es/65838475/_La_catedral_medieval_la_dilatada_historia_de_la_obra_rom%C3%A1nica_y_su_ep%C3%ADlogo_bajomedieval

- Le Goff, J., *Lo maravilloso y lo cotidiano en el Occidente medieval*, Barcelona, 1985.
- Leonardi, C. (dir.), *Itineraria. Letteratura di viaggio e conoscenza del mondo dall'Antichità al Rinascimento*, Firenze, 2004.
- Mazzi, M. S., *Los viajeros medievales*, Madrid, 2018.
- Richard, J., *Les récits de voyages et de pèlerinages*, Brepols: Turnhout-Belgium, 1981.
- Rubio Tovar, J., *Libros españoles de viajes medievales*, Madrid, 1987.
- Verdon, J., *Il viaggio nel Medioevo*, Milano, 2001.
- *Viajeros, peregrinos, mercaderes en el Occidente Medieval*, Pamplona, 1992.
- *Viajes medievales*, Madrid: Fundación José Antonio de Castro, 2005, vol. I (Libro de Marco Polo. Libro de las maravillas del mundo de Juan de Mandavila. Libro del conocimiento; ed. J. Rubio Tovar), vol. II (Embajada a Tamorlán. Andanzas e viajes de Pero Tafur. Diarios de Colón, ed. M. A. Pérez Priego).
- Wittman, K.R. *El imaginario oceánico. Las islas del Atlántico meridional en los mappaemundi medievales (siglos IX-XIV)*. Tesis Doctoral, La Laguna, 2021.
- Zaganelli, G., *Navigatio medievale*, Roma, 2006.
- Zumthor, P., *La medida del mundo. Representación del espacio en la Edad Media*, Madrid, 1994.

6. COMPETENCIAS

- Establecemento de vínculos da literatura de viaxes con outros xéneros literarios medievais e coas diferentes manifestacións artísticas da época.
- Capacidade para razoar os cambios de perspectiva que se produciron co progresivo coñecemento do mundo na Idade Media, de maneira particular no relativo aos procesos de elaboración de mapas, de coñecemento da imaxe medieval da terra e dos conceptos do espazo real e imaxinario; coñecemento da evolución e dos cambios que este coñecemento provoca nos escritos de viaxes e peregrinacións.
- Capacidade para comprender e analizar textos escritos en diversas linguas románicas, así como en latín, manexando un sistema relativamente complexo de referencias textuais, artísticas e históricas.
- Capacidade para vincular as distintas modalidades de peregrinación e viaxe nas súas coordenadas históricas, políticas e doutra índole.
- Entender a pegada que deixou o fenómeno das peregrinacións na concepción do espazo e da imaxe.
- Coñecer e aplicar os recursos vinculados ao fenómeno da peregrinación aos valores que leva implícito o seu desenvolvemento.
- Dominar e aplicar a presentación e resolución de hipóteses relacionadas coa peregrinación en virtude da demanda da sociedade actual.
- Comprender a integridade do fenómeno das peregrinacións e as súas diversas manifestacións.

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

- Presentación e explicación dos contidos teórico-prácticos correspondentes aos diversos apartados que configuran o programa.
- Posta en común na clase dos conceptos teóricos previamente expostos, aplicados aos textos e lecturas pertinentes.

- Saídas fóra da aula con algunha das profesoras (visitas a institucións e monumentos, por exemplo; Museo Terra Santa, Museo das peregrinacións, Catedral).
- Elaboración dun único traballo final relacionado cunha das partes da materia e baixo a supervisión dunha das docentes.

ACTIVIDADES	Horas presenciais	Horas presenciais dirixidas	non Horas traballo autónomo	de Total
<i>Clases expositivas</i>	18	---	20	38
<i>Clases interactivas</i>	24	15	30	69
<i>Traballo escrito</i>	-	12	25	37
<i>Titorías</i>		6	---	6
	42	33	75	150

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Do total, 75 horas (50%) dedicaranse ao traballo dirixido polas docentes e as outras 75 horas (50%) ao traballo libre por parte do discente. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 42 de actividades formativas presenciais e 33 de actividades dirixidas non presenciais.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Os estudantes deben asistir ás clases presenciais, interactivas e saídas fóra da aula, participando nas actividades propostas e achegando comentarios e observacións persoais, coa axuda da bibliografía e da introdución teórica das clases expositivas **(30% da nota)**.

Ademais, cada estudante deberá elaborar individualmente un único traballo escrito monográfico **(70% da nota)**, que deberá respectar as pautas formais que figuran nesta guía. A extensión do traballo debe estar entre as 12-15 páxinas.

A data de entrega dos traballos da primeira oportunidade non pode superar o límite **dun mes despois de finalizar as clases** ; a entrega de traballos fixarase no día **15 de xuño** para a segunda oportunidade.

Os traballos da materia deberán entregarse a través do **Campus Virtual** na data

establecida

No caso do alumnado que teña **dispensa de asistencia**, aplicarase o Regulamento aprobado polo Consello de goberno do 25 de novembro de 2024. O 100% correspondente a asistencia e participación será complementado cun sistema individualizado de avaliación acorde aos motivos da dispensa

En todas estas tarefas que terá que entregar o alumnado para a súa avaliación, seguindo as indicacións normativas da USC referidas ao **plaxio** (incluso **autoplaxio**), **ao uso de IA** e ao uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, é preciso indicar que para os casos de **realización fraudulenta** de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

Considéranse fraudulentos os traballos que dean positivo en calquera caso non recoñecido de uso de IA, destinado tanto á creación de contidos como á mellora da calidade lingüística, a organización e a claridade expositiva, todos eles aspectos valorados na cualificación.

9. RECURSOS DIXITAIS DE UTILIDADE

Boletín bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval:

<https://www.ahlmboletin.es/buscador/firstsearch.asp>

Bibliografía de libros de viajes medievales castellanos:

<https://parnaseo.uv.es/Tirant/LlibresdeViatges/public/>

Bibliografía de referencia do Arquivo Galicia Medieval. BiRMED:

<http://www.cirp.gal/birmed>

Les Archives de littérature du Moyen Âge: <http://www.arlima.net>

Bibliografia dantesca internazionale: <http://dantesca.ntc.it/dnt-fo-catalog/pages/material-search.jsf>

Lugares, especies e habitantes na Idade Media:

<https://www.themappamundi.co.uk/>

<http://www.fordham.edu/halsall/sbookmap.html>

<http://www.maphistory.info/>

<https://essentiels.bnf.fr/fr/>

10. RELACIÓN DE TRABALLOS PROPOSTOS (aínda que alumno pode propoñer o seu ás docentes la materia)

- A imaxe dos peregrinos no medievo (Marta Cendón).
- Representacións do espazo real ou imaxinario no románico e no gótico (Dolores Barral).
- Habitantes da marxinalidade no románico ou gótico (Dolores Barral).
- Representacións celestiais na arte baixomedieval hispana (Dolores Barral).
- A catedral de Santiago. Real e imaxinario na sé compostelá (Dolores Barral).
- O marabilloso a través da literatura de viaxes (Déborah González).
- A descrición do espazo urbano occidental nos libros de viaxes (Déborah González).
- Animais fantásticos nos libros de viaxes (Déborah González).

11. NORMAS PARA A CONFECCIÓN E PRESENTACIÓN DO TRABALLO

Cada estudante traballará baixo a tutela dunha das profesoras da materia. **PRESENTACIÓN. Máximo 15 páxinas** (a extensión do traballo debe abranguer entre 12-15 páxinas; neste límite non se inclúe índice de contidos nin bibliografía final), en letra Times New Roman (ou similar), corpo 12, con espazo 1,5 entre liñas. As notas deben ir a pé de páxina, en corpo 10 e a espazo simple.

CONTIDO. Trátase dun traballo de iniciación á investigación, polo que debe **combinar observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema seleccionado** polo estudante. Resulta fundamental a lectura atenta e coidadosa dos materiais obxecto de estudo. É imprescindible que o traballo se presente ben redactado, cunha ortografía e puntuación correctas. Debe incluírse un índice ao principio do traballo, unha breve introdución que explique os obxectivos perseguidos e un apartado de conclusións na parte final.

Debe evitarse toda forma de **plaxio e de autoplaxio** (isto é: non é lícito –e será penalizado– aproveitar total ou parcialmente outros traballos, aínda que sexan da autoría do mesmo estudante), e vixiarase especialmente este tipo de práctica. Cando nun traballo se detecte a copia literal (total ou parcial) de texto e, advertido o estudante, non se leve a cabo unha rectificación e corrección, o traballo poderá ser cualificado como suspenso. En calquera caso, queda sometida á decisión do grupo de profesoras da materia a consideración dos casos particularmente ambiguos

RECOMENDACIÓNS

Notas a pe, para la primeira cita:

LIBROS: Apelidos, N. (año), Título libro, lugar: editorial.

CAPITULO DE LIBRO: Apelídoos, N. (año), “Título capítulo”, Título volumes, lugar: editorial, pp.

ARTÍGO: Apelidos, N. (año), “Título artigo”, Revista, vol., pp.

• **Notas a pe, para la segunda cita e seguintes: Apelidos (Año), pp.**

• **Cita documental:** Amo, mes, día. Lugar. [título do documento ou rexesto]. Arquivo[a partir da segunda cita, con abreviatura] fondo, sección, serie, sinatura.